


A derradeira novela de Rosalía de Castro, en edición facsimilar e ilustrada

EL PRIMER LOCO foi publicada en Madrid en 1881. Está ambientada no Bosque do Banquete de Conxo. A presente edición inclúe, á parte da reprodución facsimilar de 1881, un revelador estudo de María do Cebreiro e Germán Labrador e impactantes fotografías do Bosque de Conxo, de Denís Estévez.

FICHA TÉCNICA: 280 pp . 15 x 20 cms.
ISBN 978-84-16460-58-8 PVP: 19, 50

SANTIAGO DE COMPOSTELA, MAIO DE 2019.- Presentamos unha edición moi especial da derradeira novela de Rosalía de Castro. Publicada en Madrid en 1881, **EL PRIMER LOCO** (subtitulada “Cuento extraño”) desenvólvese no bosque que, en 1856, acollera o insólito Banquete democrático de Conxo, un espazo natural –e vital– que fascinaba á autora. A novela ergue unha dobre bandeira: por unha banda, a da dignidade humana; por outra, a defensa da paisaxe, da natureza.

O presente volume, publicado en coedición Alvarellos Editora-Consorcio de Santiago, reproduce fielmente aquela edición primeira e incorpora un magnífico estudo introdutorio, es-



crito polos especialistas María do Cebreiro Rábade Villar e Germán Labrador Méndez, un traballo que con seguridade sentará as bases e abrirá camiños para futuras e novas interpretacións da obra de Rosalía de Castro, en concreto na súa relación coa psiquiatría e tamén co espiritismo.

Un singular apéndice gráfico completa esta sedutora publicación: vinte fotografías de Denís Estévez que nos convidan a trazar unha reveladora viaxe sensorial polas sendas do histórico bosque do Banquete de Conxo e de **EL PRIMER LOCO**.

